

BASES CONCURSO ARDE LUCUS 2010

Co obxecto de que a poboación lucense participe en diferentes concursos dentro do programa do “Arde Lucus MMX” e propostos pola Concellería de Xuventude establécense as seguintes bases:

- No concurso establécense diferentes categorías:
 - Decoración de Escaparates
 - Decoración de Locais
 - Decoración de balcóns
 - Personaxes Romanos ou Castrexos
- Categorias **“Decoración de Escaparates”** e **“Decoracion de Locais”**:
 - Para inscribirse é necesario que as persoas que participen teñan a súa tenda/local.
 - As tendas/locais deberán estar decorados obrigatoriamente dende o día 14 de xuño ás 10:00 horas ata o día 27 de xuño ás 23:59 horas.
 - A decoración ten que estar ambientada na festa Arde Lucus, con decoracion romana ou castrexa.
 - Para a inscrición é necesario presentar a seguinte documentación:
 - ❖ Cubrir folla de inscrición.
 - ❖ Fotocopia DNI dun membro da tenda/local.
 - ❖ No caso de que a persoa que veña a inscribirse sexa menor de idade terá que presentar obrigatoriamente unha autorización do titor/a legal, fotocopia do DNI do mesmo e do/a menor.
 - No caso de ser un local con horario nocturno, debera abrir o local no horario indicado pola organizacion para a avaliacion do xurado.

Concellería de Xuventude

SRC

Asunto: Bases concurso Arde Lucus 2010

- Categorías **“Decoración de Balcóns”**:
 - Para inscribirse é necesario que as persoas que participen residan no domicilio presentado ó concurso.
 - Os balcóns deberán estar decorados obrigatoriamente dende o día 14 de xuño ás 10:00 horas ata o día 27 de xuño ás 23:59 horas.
 - A decoración ten que estar ambientada na festa Arde Lucus, con decoración romana ou castrexa.
 - Para a inscrición é necesario presentar a seguinte documentación:
 - ❖ Cubrir folla de inscrición.
 - ❖ Fotocopia DNI dun residente na vivanda.
 - ❖ No caso de que a persoa que veña a inscribirse sexa menor de idade terá que presentar obrigatoriamente unha autorización do titor/a legal, fotocopia do DNI do mesmo e do/a menor.

- Categoría **“Personaxes Romanos ou Castrexos”**:
 - Existen dúas modalidades a representar por grupos ou individual: dentro destes poderase ir caracterizado de castrexo ou de romano.
 - Grupo: e imprescindible que o formen como mínimo 5 persoas.
 - Individual: nesta modalidade estableceráanse dúas categorías, infantil (menos de 12 anos) e adultos (de 13 en adiante).
 - O concurso se celebrará o 20 de xuño na Praza Maior ás 17.30h horas.
 - É obrigatorio levar ao longo de todo o desfile un estandarte co nome romano ou castrexo do grupo ou da personaxe.
 - Para a inscrición é necesario presentar a seguinte documentación:
 - ❖ Cubrir folla de inscrición por cada un/ha dos/as membros, no caso dos grupos a inscrición cubriráa o/a representante.

Concellería de Xuventude

SRC

Asunto: Bases concurso Arde Lucus 2010

- ❖ Fotocopia DNI de cada un/ha dos/as membros.
 - ❖ No caso da categoría de grupo, nome do mesmo e das personaxes que representen cada un/ha dos/as membros.
 - ❖ No caso da modalidade individual (infantil ou adulto) nome da personaxe que representa.
 - ❖ No caso de menores de idade é necesario presentar unha autorización do titor/a legal, a fotocopia do DNI do mesmo e do/a menor. O/A representante do grupo sera o responsable de conseguir as autorizacións dos/as participantes.
- Para a participación en calquera das categorías é imprescindible ir caracterizados durante todo o concurso coa temática da festa: a época romana.
 - Os grupos gañadores serán elixidos por un xurado que estará formado por persoas cualificadas en cada unha das categorías.
 - O xurado reservarase a facultade de declarar desertos os premios no caso de que estimasen que os participantes das distintas categorías non reúnen os méritos suficientes.
 - Se valorarán aspectos coma a orixinalidade, a elaboración dos traxes, animación do grupo, ambientación, caracterización de cada un dos membros, a decoración da tenda....
 - Os premios por categoría son:
 - **Decoración de Escaparates**
 - 1º Premio: 300 €
 - 2º Premio: 200 €
 - 3º Premio: 100 €
 - **Decoración de Locais**
 - 1º Premio: 300 €
 - 2º Premio: 200 €

Concellería de Xuventude

SRC

Asunto: Bases concurso Arde Lucus 2010

3º Premio: 100 €

○ **Decoración de Balcóns**

1º Premio: 300 €

2º Premio: 200 €

3º Premio: 100 €

○ **Personaxes Romanos ou Celtas**

Modalidade Grupo

1º Premio: 500 €

2º Premio: 300 €

3º Premio: 100 €

Modalidade Individual: infantil e adulto

❖ Infantil

1º Premio: Nintendo DS

2º Premio: Cámara de fotos

3º Premio: MP4

❖ Adulto

1º Premio: 300 €

2º Premio: 200 €

3º Premio: 100 €

- Inscripción: realizarase na Oficina de Información Xuvenil dende o día do seu anuncio ata o 11 de xuño de 2010, situada no Centro Social Uxío Novoneyra rúa Quiroga Ballesteros s/n Lugo.
- Pódese inscribir en varias categorías ao mesmo tempo, sempre que os/as membros sexan capaces de compatibilizar os distintos horarios.

Concellería de Xuventude

SRC

Asunto: Bases concurso Arde Lucus 2010

- Non poderán participar en ningunha categoría do concurso aquelas persoas ou grupos que teñan asinados convenios de colaboración coa Concellería de Xuventude para o Arde Lucus MMX.
- É imprescindible que haxa un mínimo de tres grupos, tres persoas ou tres locais inscritos na mesma categoría, en caso contrario dita categoría eliminaríase do concurso.
- A participación neste concurso implica a aceptación íntegra destas bases.
- A organización poderá introducir, se o cre necesario, as modificacións que estime convenientes para o mellor funcionamento do concurso.
- Para máis información en relación coa actividade, os/as interesados/as poden chamar ó teléfono 982 297 496 ou dirixirse á Oficina de Información Xuvenil en horario de mañás das 9:00 ás 14:00 horas, e de tardes das 16:30 ás 19:00 horas de luns a venres.

Concellería de Xuventude

SRC

Asunto: bases de participación “Ruta de Tapas” Arde Lucus 2010

**BASES DE PARTICIPACION NA
“TAPITORUM. RUTA DE TAPAS DO ARDE LUCUS 2010**

A Concellería de Xuventude do Excmo. Concello de Lugo considera necesario potenciar a hostalería durante as festas Arde Lucus 2010, así como fomentar a colaboración entre este sector e o Concello co fin de favorecer a esta festa e polo tanto o turismo na nosa cidade. Polo que esta a organizar unha ruta de tapas e cócteles romanos ou castrexos polos establecementos de Lugo.

Co obxecto de que os hostaleiros deste concello participen na mesma, establécense as seguintes bases:

1. Os establecementos agregados a “Ruta de Tapas e cócteles Arde Lucus” serán publicados nas 7.000 revistas editadas pola Concellería para o Arde Lucus 2010 e recibirán unha pegatina distintiva como establecemento participante na “*Tapitorum. Ruta de Tapas Arde Lucus 2010*”. A “*Tapitorum. Ruta de Tapas e cócteles Arde Lucus*” presentarase en rolda de prensa.
2. Os establecementos que desexen unirse a esta “*Tapitorum. Ruta de Tapas e cócteles Arde Lucus*” deberán presentar unha tapa ou cóctel orixinal, creados especialmente para a festa, baseada na cociña romana ou castrexa.
3. As receitas presentaranse no Rexistro do Concello de Lugo nun sobre pechado onde se deben incluír os seguintes datos:
 - ✗ Establecemento hostaleiro
 - ✗ CIF do establecemento
 - ✗ Nome do representante
 - ✗ DNI
 - ✗ Contacto
 - ✗ Tapa ou cóctel co prezo de venda ao público, se e o caso.
4. O prazo de presentación das receitas será ata o 3 de xuño.
5. Unha vez seleccionadas as receitas participantes na “*Tapitorum. Ruta de Tapas e cócteles Arde Lucus*”, estes deberán facer un ingreso de 300,00€ no número de conta indicado polo Concello nun prazo máximo de 4 días.
6. Os establecementos seleccionados deberán ter a disposición do público a tapa e o cóctel presentados durante a semana do 21 o 27 de xuño.

Lugo, a 10 de maio de 2010

A Concelleira de Xuventude

Asdo: Rosana Rielo Rozas

Asdo: Shirley Rodríguez Carballo